



CONCELLO DE MUGARDOS
(A Coruña)

Proxecto de Regulamento do Consello Municipal de Saúde e Benestar do concello de Mugardos

Trámite: audiencia e información pública.

Tomado en consideración o proxecto de Regulamento do Consello Municipal de Saúde e Benestar do concello de Mugardos por Resolución núm. 2025-0983, de 11 de agosto de 2025, de conformidade co indicado no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ábrese un prazo de participación pública durante dez días hábiles co obxecto de dar audiencia ás persoas, asociacións e organizacións cuxos dereitos e intereses ou intereses lexítimos se consideren afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Para tal efecto ponse a disposición formulario no seguinte enlace https://mugardos.sedelectronica.gal/?x=E7jA5CtU28vFvT22hJaMSmrHSgkli3f9gWrNOk2a7O8dHS2SZjiMTGFCVjcnNvEbqp8SfnC-ap9ekyksMR6dzd8-apVNzeUkkHGuGIH1TAwlo7E6PrqpGuZJLaGc*vX-zdXnSEWu0GQUS-cn60jz1MwGk2F4xsDxt6qPgXUxBUOZuaXMaqNBhJlt8ojBdYLDLT4BHXGPluUVIEqc217sxxg , que deberá ser presentado no Rexistro xeral do concello.

Do mesmo xeito poderá facer valer a súa achega en documento papel a través de escrito unido a instancia xeral na Oficina de Asistencia en materia de rexistro sita en avenida de Galicia, 45, 15620, Mugardos (A Coruña).

Rematado o prazo as aportacións e suxerencias serán obxecto de estudo e redacción de documento que acompañarán ao proxecto que sexa elevado novamente ao Pleno para aprobación inicial e realización da fase de información pública e presentación no seu caso das alegacións polas persoas que de xeito motivado sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos. De presentarse así alegacións ou reclamacións, o expediente será novamente sometido a aprobación do Pleno con estimación ou desestimacións das alegacións ou reclamacións presentadas, fase á que seguirá a de publicación íntegra do texto da ordenanza no BOP de A Coruña e no Portal de Transparencia (artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local).

Este anuncio permanecerá a disposición pública ate que remate do prazo de participación.

Documentación obxecto de publicación:

- Proxecto de modificación e aprobación de texto refundido resultante Regulamento e normas de organización e funcionamento da Escola Municipal de Música de As Lagoas



O proxecto estará igualmente dispoñible en formato papel na Secretaría do concello en horario de 09.00 a 14.00 horas.

O que se fai público de acordo co artigo 7.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno.

Mugardos, documento asinado dixitalmente.

O Alcalde,

Juan Domingo de Deus Fonticoba

